



A realización de prácticas en empresas é unha posibilidade contemplada na maior parte dos planos de estudos para que os alumnos poidan conforma-lo seu curriculum.

O Acordo da Xunta de Goberno do 2 de xuño de 1995, no seu Capítulo VI, adicado ós créditos por equivalencia, artella un procedemento a seguir para ofrecer prácticas en empresas ós alumnos. Este procedemento basease en dous pilares: un convenio que deberá asinar a Universidade e unha convocatoria pública para os alumnos interesados.

Previamente á realización da convocatoria pública é necesario ter un completo coñecemento dos convenios que estean asinados polos diferentes Centros co obxecto de verificar se cumpren os requisitos mínimos establecidos polo devandito acordo, e de non ser así, regularizalos de ser posible.

É POLO EXPOSTO POLO QUE ESTE VICERRECTORADO DE COORDINACIÓN RESOLVEU:

PRIMEIRO.- REGULARIZACIÓN DOS CONVENIOS

Os convenios se se asinaren con anterioridade á data da presente Resolución, para que surdan plenos efectos, deberán ser regularizados polo Rector consonte o disposto no Acordo da Xunta de Goberno do 2 de xuño de 1995.

SEGUNDO.-TITULACIÓNS DO CAMPUS DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Os Decanos, Directores dos Centros e Directores de Departamento remitirán ó Vicerrectorado de Coordinación do Campus de Santiago, antes do vindeiro 30 de abril, copia de tódolos convenios asinados con Administracións Públicas, Empresas ou calquera tipo de Organizacións que teñan por obxecto a realización de prácticas polos alumnos desta Universidade que estean a cursar titulacións oficiais dun ou dous ciclos.

TERCEIRO.- TITULACIÓNS DO CAMPUS DE LUGO

1.- Os Decanos, Directores dos Centros e Directores de Departamento remitirán ó Vicerrectorado de Coordinación do Campus de Lugo antes do vindeiro 30 de abril, copia de tódolos convenios asinados con Administracións Públicas, Empresas ou calquera tipo de Organizacións que teñan por obxecto a realización de prácticas polos alumnos desta Universidade que estean a cursar titulacións oficiais dun ou dous ciclos.

2.- Por parte do Vicerrectorado evacuarse informe sobre cada un dos convenios e posteriormente remitirase ó Vicerrectorado de Coordinación do Campus de Santiago para que promova a regularización.

CUARTO.- ELABORACIÓN E SINATURA DE CONVENIOS.

A partir da data da presente Resolución os convenios que teñan por obxecto a realización de prácticas en empresas consonte establezan os planos de estudio, deberán axustarse ó seguinte:

1.- Deberán conte-los seguintes elementos mínimos establecidos no Acordo da Xunta de Goberno do 2 de xuño de 1995:



UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

- a) Obxecto das prácticas.
- b) Número de prazas.
- c) Tempo de realización das prácticas.
- d) Horas das que constarán as prácticas e número de créditos que se imputarán.
- e) Titor responsable na empresa para o desenvolvemento das prácticas
- f) Titor ou órgano universitario responsable.
- g) Período de vixencia do convenio.

2.- Previamente a súa sinatura, deberán ser remitidos ó Vicerrectorado de Coordinación do Campus de Santiago, e no seu caso ó de Lugo, ós efectos de comprobación dos requisitos de legalidade.

3.- Os convenios deberán ser asinados polo Rector ou persoa na que delegue.

4.- Carecerán de validez e eficacia para o recoñecemento de créditos os convenios que non se axusten á presente disposición e normas concordantes.

QUINTO.- CONVOCATORIA PARA PRÁCTICAS.

O rectorado elaborará de xeito unificado as convocatorias para a realización de prácticas que á vista dos convenios se estimen pertinentes.

SEXTO.- SELECCIÓN DOS ALUMNOS

A selección dos alumnos faraa o Rectorado, a través dos órganos e unidades administrativas que se establezan, e consonte ós criterios que se reflectan nos convenios ou no seu defecto polos establecidos con carácter xeral.

Santiago, 15 de abril de 1996

O VICERRECTOR DE COORDINACIÓN DO CAMPUS DE SANTIAGO



Carlos Góniz - Reino Carnota

- SR. SECRETARIO XERAL
- SR. VICERRECTOR DE ORDENACIÓN ACADÉMICA E TITULACIÓN
- SR. VICERRECTOR DO CAMPUS DE LUGO
- SRES./AS. DECANOS/AS E DIRECTORES/AS.
- SR. XEFE DO SERVICIO DE ALUMNADO